



CONCELLO DE RÁBADE

Praza do 28 de maio, S/N 27.370 Rábade – LUGO Tfno.: 982.39.00.62 Fax: 982.39.04.11

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA TRAMITACIÓN DE DOCUMENTOS E EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS.

BOP N° 102 de 4 de maio de 2012

ARTIGO.1. FUNDAMENTO E NATUREZA

O Concello conforme co autorizado no artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime local e de acordo co previsto nos artigos 17 e 20 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a taxa pola expedición de documentos administrativos que se regulará pola esta Ordenanza redactada conforme co disposto no artigo 16 do devandito TR.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolta con motivo da tramitación a instancia de parte de toda clase de documentos que expida e de expedientes dos que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.
2. Así entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediase a solicitude expresa do interesado.
3. Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigacións fiscais, así como tamén as consultas tributarias, os expedientes de devolucións de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal, e á utilización privativa ou o aproveitamento

especial de bens de dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa Municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, provoquen ou nas que redunde a tramitación do documento ou expediente do que se trate.

ARTIGO 4. RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades, e entidades en xeral tal e como sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.-BONIFICACIÓNS

Poderán disfrutar dunha bonificación de ata o 100% do pago da citada taxa na expedición de certificacións de documentos relacionados coa formación, busca de emprego e mellora da calidade de vida, as persoas que soliciten a bonificación ós servizos sociais municipais e o informe do servizo municipal sexa favorable.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade estipulada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar conforme coa tarifa que contén o artigo seguinte.
2. A cota de Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente do que se trate, desde o seu inicio ata a súa resolución final, inclusive a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.
3. As cotas que resultan da aplicación das anteriores tarifas incrementaranse un 50 por cento cando os interesados soliciten con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen a percepción.

ARTIGO 7. TARIFAS.

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase nos seguintes epígrafes:

CONCEPTO

EUROS

EPÍGRAFE PRIMEIRO. CENSO DE POBOACIÓN DE HABITANTES E OUTROS:

- 1.Certificacións de empadramento no censo de poboación1,80 €
- 2.Certificados de convivencia, residencia, signos externos ou similares.....1,80 €

EPÍGRAFE SEGUNDO. CERTIFICACIÓN, COMPULSAS, BASTANTEOS:

- 1.Certificación de documentos, constancia en arquivos ou rexistros, acordos municipais e decretos (exentos os que leven consigo o pago ou outra taxa ou imposto).....6,00 €
- 2. Certificacións catastrais.....6,00 €
- 3. Bastanteo de poderes.....6,00 €
- 4.A dilixencia de cotexo de documentos.....4,00 €

EPÍGRAFE TERCEIRO. FOTOCOPIAS:

- 1.Fotocopias de documentos achegados polos interesados (exclusivamente para compulsas):
 - Por cada páxina de A4.....0,15 €
 - Por cada páxina de A30,20 €

EPÍGRAFE CUARTO. DOCUMENTOS EXPEDIDOS OU ESTENDIDOS NAS OFICINAS MUNICIPAIS:

- 1.Informacións testemuñais.....11,00 €
- 2.Polo visado de documentos en xeral non expresamente tarifados por cada un.....11,00 €

EPÍGRAFE QUINTO. DOCUMENTOS RELATIVOS A EXPEDIENTES URBANÍSTICOS:

1. Por cada expediente de declaración de ruína de edificios.....91,00 €
2. Por cada certificación ou informe que se expida polos servizos urbanísticos solicitada a instancia de parte.....91,00 €
3. Por cada expediente de concesión de instalación de rótulos e mostras91,00 €
4. Obtención de cédula urbanística.....91,00 €
5. Copias de planos oficiais relativos ás diversas figuras de planeamento vixente, expropiacións, infraestruturas, servizos e outros relativos a expedientes non rematados:
 - Dina A 4.....1,50 €
 - Dina A 3.....2,00 €
6. Copias de planos relativos a expedientes urbanísticos particulares:
 - De ata 3 anos de antigüidade, por un plano7,00 €
 - Por cada ano ou plano máis, un recargo de1,00 €
7. Por tramitación e expedición de licenzas de obras maiores, legalizacións, recoñecementos e declaracións de fora de ordenación:
 - Ata 50 m²150,00 €
 - De 51 a 100 m²250,00 €
 - De 101 a 150 m² 300,00 €
 - De 151 a 200 m²350,00 €
 - De 201 a 250 m².....400,00 €
 - De mais de 250m²..... 450,00 €
8. Por tramitación e expedición de licenzas de obras menores:
 - Con informe sectorial 50,00 €
 - Sen informe sectorial..... 30,00 €
9. Por tramitación e expedición de licenza de primeira ocupación ou utilización 150,00 €

10. Por sinalamento de aliñacións e rasantes..... 91,00 €

11. Por licenzas urbanísticas de parcelación ou segregación 100,00 €

EPÍGRAFE SEXTO. CONCURSOS E POXAS:

1. Presentación de plicas ou propostas para licitacións.....13,00 €

2. Constitución, substitución e devolución de fianzas para licitacións e obras municipais, por cada acto.....13,00 €

3. Por cada contrato administrativo que se subscriba de obras, bens ou servizos.....18,00 €

4. Dereitos de exame..... 18,00 €

5. Por calquera outro expediente ou documento non expresamente tarifado.....6,00 €

ARTIGO 8. PERCEPCIÓN

1. Percíbese a taxa e xorde a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que indica a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo.

2. Nos casos ós que se refire o número 2 do artigo 2 a percepción prodúcese cando acontezan as circunstancias que provexan a actuación municipal de oficio ou cando esta comece sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

ARTIGO 9. DECLARACIÓN E INGRESO

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación e ingreso previo en calquera das oficinas bancarias da praza. Debéndose presentar o resguardo bancario nas oficinas municipais adherido ó escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se dito escrito non existise ou a solicitude non fose expresa. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo a actividade administrativa non se preste, procederá a devolución do importe correspondente.

2. Os escritos recibidos polos condutos ordinarios, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente pero non poderán cursar sen que se subsane a deficiencia.

3. As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal como oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de preitos non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfacese a correspondente cota tributaria.

ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

Todo o que se refire á clasificación de infraccións tributarias, así como tamén ás sancións que ás mesmas corresponde en cada caso, aterase ó disposto nos artigos 200 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 12 de marzo de 2012, comezará a aplicarse e entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.